

De setembro a setembro

Actividades da Asociación Cedofeita.

Xa andamos no número 23 da revista “Cedofeita”, e preto de facer o XXV aniversario da nosa asociación. Como é habitual, nesta sección recolleemos as actividades realizadas pola asociación desde o 1 de setembro do ano anterior ata o 31 de agosto do presente ano. Todas elas encamiñadas a dar a coñecer o patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural da nosa parroquia, sen esquecer a promoción da lingua e cultura galegas. Labor que levamos a cabo con roteiros, viaxes culturais, actividades microlóxicas, exposición polo san Salvador, Feira Franca -este último ano non foi posible a participación do obradoiro de elaboración de papel-, e os Venres Culturais -normalmente o derradeiro de cada mes-, que levamos a cabo na Casa da Cultura de Lárez -con conferencias, proxeccións, actuacións musicais, presentación da revista, libros, e outras de diversa índole- na procura dun lugar de encontro dos nosos asociados/as, veciños da parroquia e simpatizantes da contorna, a fin de favorecer o coñecemento, a información e a conversa entre os asistentes.

Venres culturais de Setembro

Presentación do número 22 da Revista.

No serán do 28 de setembro fixemos a presentación na Casa da Cultura de Lárez do último número da nosa Revista. Nela podemos atopar, ademais das seccións habituais como a referida á exposición -ese ano dedicada aos “tebeos que nos divertiron”-, humor, novos cultivos, “de conversa”, etc-. No acto interveu o secretario da Asociación que fixo un percorrido polos contidos da revista nos que atopamos, entre outros, documentados artigos relacionados con Lárez, como o de Arturo Sánchez “Declive no mosteiro de Lárez. Frei Leandro Hevia”, Xosé Álvarez “Accidentado contrato da banda de música para as festas de san Salvador”, Mateo Fontán “Remeiras e remeiros no río Lárez”, Avelino

Garrido “Trolebuses a Marín e Lárez”, Alfonso Mumaray cun novo achegamento á heráldica de Pontevedra, David Otero sobre a necesidade de revitalizar o rural galego, de Loli Beloso sobre a cerámica de Fernando Arranz. Falaron a continuación dos seus artigos Isidoro González “De conversa”, Xaime Iglesias “O mosteiro de Lárez no espello da arte” e Lino Pazos “Meu Lárez. O muíño do Manco”.

Presentación da Revista na Casa das Campás.

O 10 de outubro, ás 20:00 h volvemos a presentar a presentación do último número da revista (o 22) para dala a coñecer ao público pontevedrés. Neste acto interviñeron o secretario da Asociación Xosé Luís E. Solla, que fixo unha panorámica dos contidos da revista, para falar a continuación dos seus artigos os investigadores Mateo Fontán Couto “Remeiras e remeiros no río Lárez”, Arturo Sánchez Cidrás “Declive no mosteiro de Lárez. Frei Leandro Hevia” e Xaime Iglesias González “O mosteiro de Lárez no espello da arte”.



Outubro

Presentación do libro “Invisibles, relatos do maltrato” de Montse Fajardo.

No venres 26 contamos coa presenza de Montse Fajardo, licenciada en CC Políticas e da Administración e máster en Dereito das Administracións e Institucións Públicas, autora dos libros *Matriarcas, mulleres en pé de vida*, protagonizado por mulleres da postguerra galega, e *Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu* que recolle dezaseis historias de familias que sufriron a represión tras o golpe de estado fascista, ela forma parte importante do equipo redactor do programa *A memoria das mulleres*, promovido pola Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra.





Nesta nova xornada en que colabora con Cedofeita, o profesor Xosé Álvarez -recoñecido investigador relacionado especialmente coa memoria histórica e as vítimas da represión franquista- realizou a súa presentación, para a continuación a autora facer uns apuntamentos do seu libro *Invisibles, relatos do maltrato*, no que se abordan sete historias reais de mulleres vítimas das distintas formas da violencia machista dende o maltrato físico ao psicolóxico amosando a afección ás mulleres maltratadas e as súas crianzas, e as eivas das administracións á hora de amparar ás mesmas.



Novembro. Conferencia do investigador Lino Pazos Pérez “Meu Lérez: embarcacións no río”.

O venres, 30 de novembro, ás 20:30 h como costume, na Casa da Cultura de Lérez, quen nos acompañou foi investigador Lino Pazos Pérez, veciño do Lérez, gran coñecedor do mar, no que ten publicados arredor dunha trintena de títulos froito das súas investigacións en arquivos, bibliotecas, museos e entrevistas coa xente do mar no que plasma os costumes, tradicións e acontecementos históricos das nosas costas, como en especial naufraxios *Naufraxios nas rías Baixas, Buques españoles (e doutras bandeiras) fundidos ou danados na II Guerra Mundial, .. na guerra civil española, Barcos que dejan huella, ... Recordando a Thalavo, Faros de Galicia, Castelao entre nós*, etc.

Nesta ocasión en *Meu Lérez: embarcacións no río*, fixo una lembranza do Lérez, en especial, dos anos cincuenta falando do embarcador, dos illós e montiños onde aprendemos a nadar, da extracción da área a man co emprego de gabarras, ata as primeiras de motor, de personaxes ligados a esa actividade, as xiras polo río, diferentes tipos de embarcacións a motor e vela, e multitude de anécdotas, apoiado con fotografías que a moitos dos presentes fixo vivenciar aquel Lérez aínda limpo.



Xaneiro. Concerto do coro do Instituto A Xunqueira I

O venres 25 de xaneiro, puidemos gozar da interpretación de pezas tradicionais –berce e populares “*da terra*”- e harmonizacións modernas –pop- polo **Coro do Instituto da Xunqueira I**, dirixido pola súa profesora M^a Luisa Sánchez. Coral formada por preto de corenta voces –alumnas, alumnos, profesorado e antigo alumnado- no que dedican parte do seu lecer ao canto coral. Conta xa con 15 anos de existencia e participa en diversos certames, encontros como o *Festival de Corais Deputación de Pontevedra*, o *Festival de Corais Xuvenís de Meis*, a *Semana da Música do I.E.S. A Xunqueira II*, o *Concerto 150 aniversario do Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra*, ademais de colaborar coa Banda Musical do mesmo instituto, dirixida por Miguel Ángel Rodríguez, gravando tres discos *Rock no ensino público*, *Nenos no Jazz* e *Son Xunqueira*. No pasado ano 2018 acadaron o Primeiro Premio no *V Concurso Nacional de Coros Escolares*, organizado polo MEC no Auditorio Nacional de Madrid, polo que están invitados ao Certame europeo de Roma a celebrar neste primavera.



Febreiro.

Conferencia do investigador Arturo Sánchez Cidrás: “A industria da salga no sur da ría de Pontevedra”

No serán do venres, 22 de febreiro, contamos coa colaboración do investigador Arturo Sánchez Cidrás, profesor que leva realizado múltiples colaboracións en revistas como como *O Candil* (1994-2002), *Os Galos* e *Aunios*, xornais como *Faro de Vigo* e *Diario de Pontevedra*, e publicacións das que son de salientar *A industria da pesca salgada*, *Os portos de Bueu e Beluso*, *Cangas: guía de la Capital del Morrazo*, *Cangas: Medio Físico*, *A Pesca no Concello de Cangas* e *Travesía por tres momentos da historia de Bueu* (*Apuntamentos das salgas e fomentadores de Bueu*). Conta con varios premios –en 2003 outorgáronlle o *I Premio Vila de Bueu* en recoñecemento ao Labor Cultural; en 2015, recibiu o *I Premio de Emelo*, pola “súa contribución á documentación da historia do Morrazo” e o *XII Premio de Xornalismo Johán Carballeira* polo seu artigo “*Entrevista a Johán Carballeira*”. Tén unha páxina web e un blog <http://bueu.ga> que son imprescindibles para o coñecemento da historia desa vila.

No seu relatorio fixo un percorrido pola salga na costa sur da ría de Pontevedra –Bueu e Loira, en especial-, dos procesos e métodos da mesma, e un percorrido polos máis salientables fomentadores.



Marzo

Presentación de Lérez na web *dogrisaovioleta*, do programa “A Memoria das Mulleres” do concello de Pontevedra.

No venres 29 de marzo, na hora acostumada, tivo lugar a presentación por María Abilleira a páxina web *Lérez na web dogrisaovioleta* –que o concello dá a coñecer en centros educativos, barrios e parroquias– no que se fai a lembranza da historia recente da parroquia desde a perspectiva das súas veciñas. Destacan as biografías

de mulleres represaliadas polo franquismo, como María Luísa Rodríguez Pereira ou as irmáns Custodia e Adelina Gama Casalderrey; os oficios máis abundantes na parroquia, como o de costureira; os actos de homenaxe celebrados na parroquia e os programas de radio emitidos sobre Lérez.

A web *dogrisaovioleta.gal* recolle o labor de investigación realizado ao longo dos cinco anos de existencia do proxecto *A memoria das mulleres*, impulsado pola Concellaría de Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra e que ten como obxectivo encher de contido o baleiro que as mulleres ocupaban no relato oficial, cunha estrutura en tres eixos temáticos: Represaliadas e Resistentes, Traballadoras e Creadoras e Pioneiras.



Abril

Representación de títeres DONA BARRIGA VERDE, de Larraitz Urruzola.

O 26 de abril, estivo con nós a actriz/titiriteira Larraitz Urruzola de Santiago, que forma parte da compañía de teatro e monicreques Babaluva e no espectáculo de Babacontos, e que mantén entidade propia co espectáculo de Dona Barriga Verde. Nel ofrece unha versión –primeira protagonista feminina– do personaxe Barriga Verde creado polo lerezán José Silvent a principios do século XX, no que Larraitz coa súa gran empatía e versatilidade amosa novas perspectivas aos roles de xénero e aos estereotipos desta tradición e que supón unha actualización das formas e técnicas do títere tradicional popular que contribuíu, durante séculos, a purgar as inxustizas a través da risa, na que a pícara cantareira e pandereteira co seu enxeño desafia as dificultades cotiás, vencendo medo e as inxustizas, co seu amor propio fronte a estranos, a morte e ata o mesmo demo. As persoas e nenos e nenas que presenciaron os monicreques coparticiparon do espectáculo e riron a cachón, igual que a neta –de J. Silvent– e xenro presentes no acto.



Maio Homenaxe a Antonio Fraguas. “Letras galegas 2019”.

No venres 31 de maio, realizamos o acto, habitual, de ensalzar a figura dedicada pola RAG as Letras Galegas deste ano, a do mestre –historiador, etnógrafo, antropólogo e xeógrafo galeguista- Antón Fraguas Fraguas (1905-1999) nado na Insuela, parroquia de Loureiro (Cotobade).

Nese serán contamos na primeira parte coa actuación dun Grupo de Música Antiga do CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra, que baixo a dirección do profesor Arquímedes Artal Moreno (viola de gamba) e en compañía de Adrián Esperón Villaverde (guitarra barroca), Lourdes Olbés Corujo (viola de gamba) e Zoe Seoane García (frutas de bico), ofrecéronos pezas de G. P. Cima, B. de Selma e Salaverde, G. P. Telemann e J. M. Leclair. Espléndida velada que foi seguida con deleite polos espectadores presentes na salón.

A continuación o profesor e investigador Xosé Carlos Morgade Martínez fixo unha amenísima e documentada charla sobre la vida e obra do mestre Antonio Fraguas desde as súas vivencias de neno no Cotobade de principios de século, seu paso polo instituto de Pontevedra, universidade de Santiago, Seminario de Estudos Galegos, os anos do medo, catedrático, director do Museo do Pobo Galego, académico, etc. todo elo inzado de multitude de anécdotas e apoio iconográfico.



XXIV Xornadas micolóxicas.

A Asociación Cedofeita levou a cabo unha nova **xornada micolóxica** que facía o número vinte e catro. A saída ao monte foi na mañá do sábado 17 de novembro, a seca fainos saír máis serodidamente, na que se realizou unha boa recollida, no que o tempo foinos doado, como se ve na foto. Despois na tarde veu o conseguente traballo da súa limpeza, preparación culinaria baixo a dirección de don Pepe, o esperto en micoloxía e cociña. Para a noite degustar as variadas preparacións regadas con bos viños e adozadas ao final con sobremesas variadas a trintena de comensais.



Recoñecementos a CEDOFEITA Premio COGAVE 2018

Como xa quedou reflectido nun breve artigo, a asociación sociocultural Cedofeita foi distinguida pola a Confederación Galega de Asociacións Veciñais “Rosalía de Castro” co premio COGAVE-2018, evento celebrado na Coruña no 10 de Santos.



Gala dos Medios en Galego.

Cedofeita foi convidada á II Gala dos Medios en Galego que tivo lugar na mañá do sábado 2 de febreiro no Pazo de Cultura de Pontevedra, organizada por AMEGA verbo da “vosa intensa actividade cultural”. Unha xornada que quere poñer en valor os medios de comunicación que utilizan o noso idioma, e na que foi invitado a falar o Xaime Iglesias, presidente da nosa asociación. No acto tamén falaram Anxos Sobriño por Cotenol, Eva Mejuto como coordinadora do Salón do Libro e Kiko da Silva, en representación da banda deseñada; e coa participación do humor de Touriñán e coa música de Ugia Pedreira.



Asembleas ordinaria e extraordinaria

O 18 de febreiro celebrouse a Asemblea xeral ordinaria de acordo coa orde do día: lectura de actas das sesións anteriores e aprobación se procede, memoria de actividades, plano anual de actividades para 2019, estado de contas e orzamento, e rogos e preguntas. A continuación celebrouse a Asemblea xeral extraordinaria de acordo co único punto “Elección de Xunta Directiva” que quedou composta por : presidente (Xaime Iglesias González), vicepresidenta (M^a José Donsión Couselo), secretario (Xosé Luis Estévez Solla), tesoureiro (José Manuel Castro Méndez), e vogais (Xosé Álvarez Castro, Jaime Barreiro Montes, Eva Cochón Moledo, Elisa M^a García Muiños, José Grandal Sanjorge, M^a Carmen Pereira Pazos, José Quinteiro Piñeiro, M^a Dolores Tobío Iglesias e Antonio

Vázquez Iglesias). O desenvolvemento da mesma entrou dentro do cotiá, contando coa asistencia dun número significativo de socios e socias.

Roteiro Pola Xunqueira da Gándara

O domingo 12 de maio a Asociación Sociocultural Cedofeita organizou un roteiro “Pola Xunqueira da Gándara”. Saímos ás 9 da mañá –impreta da Deputación- para facer un percorrido de tipo circular sobre 9 km, a redor da xunqueira da Gándara –principal humidal do noso municipio e declarado espazo natural de interese local en 2012 (ENIL) con máis de sesenta Ha de superficie. Durante o mesmo ademais de falar da súa fauna e flora, informouse da intención de apropiación dela para convertela nun polígono industrial (Asempo/Sigalsa) e a loita veciñal, da antiga fábrica de fertilizantes a Cros e súa contaminación, e verbo das referencias históricas e fotográficas da calzada romana da vía XIX que transcorría polo seu levante.



Viaxe cultural as terras de Ribadavia

Este ano a nosa viaxe non foi moi lonxe, o domingo 9 de xuño, sesenta cinco asociados e acompañantes visitamos a bocamibeira do Miño, así en Santa Cruz de Arrabaldo, na antiga estación do ferrocamiñal estivemos no Museo do Traxe e teares tradicionais, ao igual ca no Museo Reverte (autos) dependentes da Deputación ourensá no que recibimos completa información. Posteriormente fomos a Trasalva á Casa-Museo Otero Pedrayo, un dos grandes símbolos da cultura galega, facendo un percorrido guiado polas dependencias da casona-pazo e os seus xardíns. Despois dun xantar e proveitosa sobremesa desprázanos o antigo mosteiro cisterciense de Melón, alí a señor cura explicounos a historia e vicisitudes da Igrexa e dependencias que están en proceso de restauración. Dada a premura non podemos visitar a capela de san Xes de Francelos, mais deuse unha información sucinta das súas carecterística. A continuación visitamos Ribadavia e por invitación do restaurante A Quinza, onde xantaramos, degustamos dous dos seus viños brancos, para despois pasear de vagar polas rúas e observar



aspectos novos da capital do Ribeiro. O tempo respectuosos, e coa salvidade dun accidente persoal –por sorte relativamente leve- a viaxe foi moi gratificante, regresando a Lérez no horario acordado.



Exposición De troulas e devocións. Festas populares de Lérez.

Este ano a clásica mostra que facemos en agosto por san Salvador, aberta do 2 ao 7, foi dedicada ás festas populares de Lérez, celebradas dende finais do XIX ata a actualidade a través de fotografías, textos e documentación explicativa.



Amosaba o ciclo festivo anual lerezán que abría coa festa de san Sebastián, avogoso da peste e continuaba coa Candeloria, lembranza da ancestral “festa das candeas”. Os festexos do entroido que en Lérez tiveron enterros, da sardiña e do moicante, e verbenas en Couso. A festa da orella, pretendido recambio gastronómico ás festas desaparecidas, tamén está presente na mostra. E o san Bieito, o máis milagreiro, que ten lugar dúas veces o ano, e constitúe a única festa popular que aínda se segue a celebrar en Lérez, onde antano houbo festas dedicadas a advocacións cristolóxicas: a

do patrón (Divino Salvador), de marcada significación identitaria, e a do Cristo do Consolo de gran prestixio. Outras festas lerezás poñían a fe na Virxe de Fátima, san Antonio, san Roque e santa Lucía que cada vinte e seis de decembro cerraba o ciclo festivo lerezán, deixando no medio a festa do Sacramento, que sería antecedente da festa dos rapaces ou da rapazada, xa no século XXI, sen esquecer as verbenas do Socorro e da Porta do Sol nin festas do Burgo, nosas por proximidade, afecto e vencellos históricos.

“De troulas e devocións” recibiu gran cantidade de visitas, en especial de maiores, que trataban de recoñecerse nas fotos expostas ou algún parente ou coñecido, e lembrando as vivencias das comida campestres, verbenas e bailes daqueles anos moi lonxanos do actual xeito de diversión da mocidade actual.

Feira franca.

Neste espazo temporal que agora remata abrímolos participando na XX edición da Feira Franca de Pontevedra que organiza o Concello en colaboración con entidades veciñais e culturais, conmemorando o privilexio concedido á vila polo rei Enrique IV (ano 1467), polo cal nos días de San Bertomeu –un mes- quedaba exenta de trabucos a venda de todo tipo de mercadorías.

O sábado, 1 de setembro, non puidemos levar a cabo a participación, como en anos anteriores, cun obradoiro de elaboración de papel a partir de vexetais -antes fora de tinguidos-. Pero si ornamentamos os soportais do Museo na rúa Sarmiento para noso tradicional xantar e cea de membros da asociación.



Outras actuacións

A Asociación Cedofeita vén colaborado con varias entidades. Participou nos Consellos Municipais de Patrimonio, da Lingua e Feira Franca e Premio Xoán Manuel Pintos. No Consello Parroquial e coas entidades de Lérez. E cooperou con centros de ensino da contorna.



Elisa García, Jo...
vocións. Festas pe...
una aproximación...
glos XIX y XXI, a trav...
La exposición m...
con las fiestas...
Contin...

FARO DE VIGO
JUEVES, 27 DE SEPTIEMBRE DE 2018

Presentación de Cedofeita. La asociación cultural Cedofeita presenta este viernes el último número de la revista que lleva su mismo nombre. En el acto intervendrán el secretario de la asociación, Xosé Luis E. Solla, que hará un recorrido por los contenidos de la revista. Estará acompañado de Isidoro González, Lino Pazos y Xaime Iglesias, autores de "De conversa", "Meu Lérez. O muíño do Manco" e "O mosteiro de Lérez no espello da arte".
Mañana a las 20.30 horas, en la Casa de Cultura de Lérez.

Lino Pazos
► Meu Lérez, embarcacións no río...
é a obra que presenta hoxe...
Pazos. **Pontevedra, 20 de agosto**
da Cultura de Lérez

Organiza el viernes una charla de la industria da salga no sur da ría

Arturo Sánchez en la Casa de Cultura de Lérez
Entre las que cabe destacar varios trabajos relacionados con el proceso de conservación del pescado en la comarca de O Morrazo. En su intervención en la Casa de Cultura de Lérez hará un recorrido por la historia de la salga, teniendo como eje geográfico la costa sur de la ría de Pontevedra. Se referirá al proceso y métodos de salado, así como a la estructura en la que se realiza, un almacén, y a los elementos utilizados. No olvidará del fomentador, en su papel, y si es el caso, político, marineros ni de las mujeres como factor humano imprescindible en esta industria. Cedofeita invita a esta actividad que será libre y gratuita para todas las personas interesadas.
La actividad se enmarcará en el V Festival de Artes y Oficios de Lérez.

L6 | PONTEVEDRA | Martes, 6 de agosto del 2018
PONTEVEDRA AL DÍA
Exposición «De troulas e devocións»



A exposición pode visitarse ata o 7 de agosto no mosteiro de Lérez.

Premios Cogave



FARO DE VIGO
MARTES, 22 DE ENERO DE 2019

As festas de Lérez, en

LÓPEZ PENIDE
Dició o autor de O paxaro azul, nobel belga Maurice Maeterlinck, que «o pasado semterlinck, que se abre como un axioma que facilmente se aplica a mostra de Lérez. La Asociación Cultural Cedofeita impulsada pola Asociación Sociocultural Cedofeita, envolve no mosteiro de Lérez por título Devocións. Festas de Lérez. A través de fotografías, textos e documentos, a asociación sociocultural de Lérez publicará a revista. Se imprimirá en este número de Lérez habituales documentados con Lérez referido a los "Troleiros de Lérez", de Avelino Otero que volve a brebre necesidade do rural gallego que profunde da de Fernan...

del IES Xunqueira actúa en Lérez



FARO DE VIGO
VIERNES, 26 DE OCTUBRE DE 2018

Libro. La Casa de Cultura de Lérez será el escenario de la presentación del libro "Invisibles, relatos do maltrato", de la autora Montse Fajardo. El libro aborda las distintas caras de la violencia machista. **Hoy, viernes, a las 20.30 horas.**

Agenda

FARO DE VIGO
MARTES, 23 DE ABRIL DE 2019

DONA BARRIGA VERDE



"Dona Barriga Verde" en Lérez. La Casa da Cultura de Lérez acogerá el viernes 26 la representación de títeres "Dona Barriga Verde", a cargo de Larraitz Urruzola, de San Sebastián. La obra será dirigida a niños y niñas de 4 a 10 años. La actividad es gratuita y dirigida por el equipo de teatro de la asociación. **Hoy, viernes, a las 20.30 horas.**

Actos y Expos.

Conferencia. La asociación Cedofeita organiza una conferencia que estará a cargo del investigador Lino Pazos que llevará por título "Meu Lérez, embarcacións no río". **Hoy, a las 20.30 horas, en la Casa de Cultura de Lérez.**



Presentación del número 22 de la revista Cedofeita, que tuvo lugar en la Casa da Cultura de Lérez.